

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Se acepta participar no estudo "**Estudo da motivación para o uso e as causas de abandono de lentes de contacto a través de enquisa**" deberá facilitarnos determinados datos persoais. Esta Política de Privacidade foi redactada para informarlle, dun xeito sinxelo, do tratamento que realizará de ditos datos.

¿Quen é o responsable do tratamento?

O responsable do tratamento é General Optica S. A. ("**General Óptica**"), con domicilio en Ctra. de L'Hospitalet nº 147 - Cityparc, Edf. Amsterdam -Cornellà de Llobregat (08940, Barcelona).

Delegado de Protección de Datos

General Optica nomeou un Delegado de Protección de Datos ("**DPO**" ou "**DPD**") que se encontra a disposición dos participantes no estudo para resolver calquera consulta ou dúbida relacionada co tratamento dos seus datos persoais.

O DPD pode ser contactado a través destes medios:

- Por correo electrónico na seguinte dirección: dpo@general-optica.es
- Por correo postal a: Ctra. de l'Hospitalet, núm. 147 - Cityparc, Edf. Amsterdam - Cornellà de Llobregat (08940, Barcelona).

O DPD de General Óptica exerce as súas funcións de xeito independente. Por iso, os afectados tamén poden presentar reclamacións ante o DPO se consideran que os seus dereitos non foron correctamente atendidos ou que se están empregando os seus datos de xeito inapropiado.

¿Que datos persoais se recollen durante a participación no estudo?

Nunha primeira fase do estudo, o persoal optometrista de General Óptica recollerá os seguintes datos de cada participante:

- Numero Identificación Cliente (IC)
- Nome e apelidos.
- DNI.
- Sinatura (consta na súa folla de consentimento).
- Sexo.
- Idade.
- Centro de General Óptica no que é atendido.
- Erro refractivo (miopía, hipermetropía, astigmatismo ou presbicia)
- Código postal
- Respostas do test realizado.

Posteriormente, os datos anteriores, a excepción do nome, apelido, DNI e sinatura, serán transmitidos a través dun sistema seguro ó equipo de investigación para levar a cabo unha análise conxunta cos datos clínicos do resto dos participantes.

¿Con que finalidade se tratarán os seus datos persoais?

Os datos persoais son tratados coa finalidade de desenvolver o estudo "**Avaliación epidemiolóxica da medida de presión intraocular no establecemento sanitario de óptica**", do que o participante recibiu información adicional.

Isto inclúe, entre outras actividades, as seguintes:

- Acreditar o consetemento prestado por cada participante, mediante a sinatura dun documento que inclúe datos identificativos como nome, apelido e DNI.
- Recoller información sobre a saúde visual da persoa participante
- Tratar a información clínica recollida, **sen incluír nome, apelidos e DNI, con programas e**

aplicacións informáticas para extraer conclusións con valor científico.

Calquera publicación de conclusións ou resultados do estudo realizarase de **xeito anónimo**, é dicir, sen incluír os datos persoais que permitan a identificación dos participantes.

¿Que base de lexitimación habilita a realizar os trámites descritos?

Tratamos os datos persoais en base ó coñecemento prestado por cada participante, de acordo co disposto no artigo 6.1.a) do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE ("**Regulamento Xeral de Protección de Datos**" ou "**RXPD**")

¿Quen terá acceso ós seus datos persoais?

Terá acceso ós seus datos persoais o/a optometrista de General Óptica que os recolle e o equipo investigador da Universidad de Valladolid, que actúa como encargado do tratamento de General Óptica. Adicionalmente, certos datos poden ser solicitados polo Comité de Ética da Investigación da área de saúde de Valladolid no desenvolvemento das súas funcións.

¿Durante canto tempo se conservarán?

Os seus datos persoais conservaranse durante un prazo máximo de 10 anos, tras o que serán destruídos de xeito seguro.

¿Como pode exercer os seus dereitos?

De acordo coa normativa vixente de protección de datos, os afectados poden exercer os seguintes dereitos:

- Solicitar acceso ós teus datos e solicitar unha copia dos mesmos.
- Pedir que se rectifiquen e/ou se supriman nalgúns casos.
- Opoñerse á elaboración de perfís persoalizados.
- Solicitar a limitación do tratamento en determinados supostos.
- Pedir a portabilidade daqueles datos facilitados cando existe unha relación contractual.

Se a persoa participante no estudo desexara acceder ós seus datos persoais, suprimilos, ou exercer calquera dos anteriores dereitos, poderá poñerse en contacto con General Óptica polos seguintes medios:

- Correo electrónico a atencioncliente@general-optica.es.
- Correo postal á dirección: Ctra. de l'Hospitalet, núm. 147 - Cityparc, Edf. Amsterdam -Cornellà de Llobregat (08940, Barcelona). A/A. Delegado de Protección de Datos de General Optica.
- Presencialmente, en calquera dos establecementos de General Óptica.

Se desexara revogar o consentimento prestado en calquera fase do estudo ou con posterioridade a este, pode comunicalo a General Óptica, igualmente, a través dos medios anteriormente sinalados. Teña en conta que a revogación do consentimento para o tratamento dos seus datos implicará que non poderá continuar participando no estudo.

En calquera caso, deberase facer referencia ó estudo no que se participou.

Adicionalmente, a persoa afectada sempre pode presentar aquelas reclamacións que considere oportunas, ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).